

**RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN DO EXP. PTG 1/2013 PARA A CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO E TRAMITACIÓN ORDINARIA DO SERVIZO DE LIMPEZA DOS EDIFICIOS CENTRO DE EMPRESAS E INNOVACIÓN, TECNÓPOLE I E TECNÓPOLE II DO PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA**

**ANTECEDENTES**

**PRIMEIRO.-** Características do procedemento:

Procedemento de adxudicación: aberto

Data de publicación do anuncio: 26/04/2013

Último día de presentación de ofertas: 06/05/2013

Data de apertura pública das proposicións económicas, sobre B, e sobre C: 10/05/2013

**SEGUNDO.-** A Comisión de Selección estivo formada polas seguintes persoas:

- Presidente: por delegación do Director Xerente D. Ricardo Capilla Pueyo, actúa como presidenta Luisa Pena Nieto (Directora de Administración e Finanzas)

- Secretaria: Noemi Lorenzo Carbajales (Responsable do dpto. de administración)

- Vogais: Beatriz Monfort Liniers (Responsable do dpto de proxectos) e Antonio Gómez Méndez (Responsable dep. de servizos xerais)

**TERCEIRO.-** No acto de apertura do sobre A “documentación administrativa” a comisión de selección comprobou que a empresa aportou a documentación solicitada no prazo establecido, e polo tanto acordouse admitir a licitación á única empresa presentadas:EULEN S.A.

**CUARTO.-** En acto público, de data 10 de maio de 2013, procedeuse á apertura do sobre B, e deuse lectura á oferta económica.

O único licitador presentado e a súa oferta económica foi a seguinte (IVE non incluído):

- EULEN S.A.: 78.780 euros

**QUINTO.-** Os criterios de adxudicación (ver detalles no prego de condicións) tidos en conta para valorar as ofertas foron os seguintes:

**1. VALORACIÓN TÉCNICA (de 0 a 6 puntos):** valorarase a proposta , de acordo cos criterios seguintes:

- Oferta técnica : ata 4 puntos. Valorarase con catro puntos a empresa que presente a mellor oferta técnica, valorándose o resto das empresas de xeito proporcional.

- Melloras do servizo propostas pola empresa oferente: ata 2 puntos. Valoraranse as melloras nos medios materiais que se oferten para a optimización do servizo puntuando con:

0 puntos á empresa que non achegue ningunha mellora;

2 puntos á que máis presente;

As demais empresas valoraranse de xeito proporcional.

**2. VALORACIÓN ECONÓMICA (de 0 a 4 puntos):** Valoraranse con cero (0) puntos aquelas ofertas que propoñan como prezo de adxudicación o tipo de licitación establecido neste prego e con catro (4) puntos a oferta que propoña o mellor prezo. Partindo deste criterio de valoración, a puntuación outorgable ás restantes ofertas cuxo prezo se encontrase comprendido dentro deste tramo realizarase mediante un cálculo proporcional. Quedarán excluídas aquelas ofertas que superen o orzamento máximo de licitación.

Estudada a oferta, o comité de selección elaborou o correspondente informe de valoración, sendo a puntuación obtida polo único licitador a seguinte:

|             | técnica | melloras | económica | total |
|-------------|---------|----------|-----------|-------|
| EULEN, S.A. | 4       | 2        | 4         | 10    |

**SEXTO.-** En aplicación dos criterios de valoración fixados no prego a comisión de selección elevou ao órgano de contratación a proposta de adxudicación a favor de EULEN S.A.

**SÉTIMO.-** En data 23 de maio de 2013 comunicóuselle á empresa EULEN S,A, a proposta de adxudicación ao seu favor e déuselle o prazo de 10 días para aportar a documentación acreditativa de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como aquela acreditativa de todos os extremos esixidos no prego e respecto dos que o licitador presentara unha declaración responsable, ademais de presentar a garantía correspondente, por un importe equivalente ao 4% do prezo de adxudicación (IVE excluído). Dentro do prazo estipulado a empresa procedeu a entregar a documentación requirida.

En base a todo o anterior, o Órgano de Contratación,

**RESOLVE:**

Adxudicar á empresa EULEN S.A. o “contrato de servizo de limpeza dos edificios Centro de Empresas e Innovación, Tecnópole I, e Tecnópole II do Parque Tecnolóxico de Galicia” conforme á súa oferta por un importe de 78.780 € (IVE non incluído), con suxeción ás condicións do Prego de Cláusulas Particulares que rexe a presente contratación.

- 1) Publicar esta adxudicación no Perfil do Contratante da web [www.tecnopole.es](http://www.tecnopole.es) e notificar esta adxudicación á empresa adxudicataria e aos licitadores.
- 2) Formalizar o correspondente contrato dentro dos prazos establecidos, logo da notificación desta resolución aos licitadores.

En San Cibrao das Viñas, 31 de maio de 2013.

A handwritten signature in dark ink, consisting of a stylized, cursive script. The signature is written over a horizontal line that serves as a baseline. The letters are fluid and interconnected, typical of a personal or professional signature.